

**SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 28 DE  
DECEMBRO DE 2017.-**

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as sete horas e cinco minutos do día vinte e oito de decembro de 2017, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

**ALCALDE- PRESIDENTE**

D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS**

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ TOUZA ( PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN ( PSOE)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE )

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RIBEIRO EN COMÚN)

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Non asiste don Manuel Vázquez López de CXG por motivos persoais.

Alcalde.- Bos días a todos e a todas, ao público . Débese a un erro da empresa a non retransmisión pola páxina web.Desculpar a ausencia de don Manuel Vázquez por motivos persoais. Imos dar comenzo a sesión ordinaria.

**1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE NOVIEMBRE (ORDINARIA).**

Fica aprobada por unanimidade.

**2.- DACION CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 10 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de novembro; dúas; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de novembro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de novembro; cinco; unha, sobre rectificación erro número producido en decreto do 02.11.17; unha, sobre requirimento corte ramas árbores; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 01 de decembro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de decembro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de decembro; tres; unha, sobre nomeamento tribunal baremación méritos; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de decembro; cinco; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre autorización enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de decembro, quince; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; tres, sobre fraccionamento débeda tributaria; catro, sobre liquidación taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre formalización contrto laboral; unha, sobre autorización enterramento; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 12 de decembro; cinco; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de decembro; seis; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade con obras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 14 de decembro; oito; catro, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre requirimento adopción medidas para evitar riscos; unha, sobre desestimación recurso; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de decembro; cinco; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa cambio titularidade actividade; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de decembro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de decembro; catro; unha, sobre reposición da legalidade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de decembro; sete; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; tres, sobre liquidación taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de decembro; catro; unha, sobre estimación alegacións; unha, sobre anulación vacacións; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

### **3.MOCIÓN BNG POLA RECUPERACIÓN DE ESPAZOS NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.**

O ditame da Comisión Informativa é do seguinte teor literal:

A vila de Ribadavia ten como principais motores da súa economía a produción de viño e a cultura que nace dela, así como, o seu casco histórico de orixe medieval , que representa a imaxe da construción das vilas medievais galegas. O patrimonio que atesouramos como pobo no noso casco é inmenso e as potencialidades económicas del e do turismo enolóxico son cada vez maiores.É así , que compre unha aposta en serio polo noso , polo patrimonio e a cultura que dan os séculos de historia da nosa vila. Son moitas as construcións que no interior de Ribadavia representan unha forma de vida ligada ao viño, así por exemplo, na mesma muralla da porta da vila, vemos como nun solar abandonado que linda coa rúa topamos a estrutura onde se apouentaba a biga dun lagar , mais tamén vemos como pasa desapercibido polos nosos visitantes e veciños. Este mes vimos de desenterrar a levada que surtía de auga ao Castelo dos Sarmiento e que procede da antiga fortificación dos Novoa.Este fito volve profundar no enorme patrimonio co que contamos e a falta de aproveitamento e de valorización ao que se ve abocado.

Son moitos os exemplos de pequenos espazos na vila que poden converterse en grandes espazos de dinamización do noso casco histórico, vemos como en fachadas amósanse as vellas alacenas das casas ao aire libre, como un dos fornos da rúa dos fornos que é propiedade do concello continua pechado ao público e sendo pasto da maleza cada ano. Non podemos perder a oportunidade de facer públicos pequenos espazos que non parecen útis pero que dándolle valor podémoslos converter en algo digno de visitar. Solicitamos:

1º Incorporar ao dominio público os solares situados na rúa da Porta Nova, que linda coa muralla do castelo, e o espazo xa pavimentado sito no lateral da fonte dos dous caños.

2º Valorizar os restos do lagar de pedra que se sitúa na muralla do castelo con información e unha reconstrucción gráfica que permita visualizar a súa importancia.

3º Abrir ao público e valorizar a levada dos condes.

4º Arranxar o forno propiedade do concello dunha forma sinxela que permita facelo visible e incorporar información gráfica do seu funcionamento.

5º Por en valor os restos da muralla situados na intersección da rúa dos fornos co rúa Extramuros.

6º Recuperar a visión das edificacións que se sitúan ao carón da entrada do castelo pola Praza Maior que tamén contén os restos dun lagar.

7º Recubrir os muros de bloques a vista con cubertas vexetais ou arte da rúa ( grafittis).

8º Sinalizar e por en valor as pesqueiras do río Avia.

9º Porse en contacto co Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, Bodegairos e Colleiteiros co fin de amosar o potencial vitivinícola que tivo e ten Ribadavia a través da recuperación dos lagares rupestres e medievais que temos no Casco Histórico.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a prol RBC, BNG , CXG, se reservan para o pleno PP , PSOE , fica ditaminada favorablemente.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Son pequenas valorizacións do noso patrimonio, son espazos de interese, aínda que sexan pequenos. A día de hoxe dan imaxe de abandono. Os turistas non ten información senón é indo á oficina de turismo.Agradecería o voto favorable de todos.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Imos votar a favor , é unha moción xusta e necesaria. Ven recordar reivindicacións e mocións do noso grupo que se aprobaron e non se levaron a cabo.Presentamos unha moción en 2016 para a recuperación do casco histórico de Ribadavia , na que se facía fincapé na Porta Nova, tamén Mirador da Madalena, paso do río, Praza de San Xoán, Praza da Madalena, entorno da igrexa de Santiago. O único que se fixo foi decirlle a unha sucursal de Aqualia que limpase con auga a presión.Queda moíttimo por facer. Unha moción de RBC de xullo de 2017, aprobada polo pleno, mencionaba todos os espazos municipais en situación de abandono, nos seguimos reivindicando o casco histórico.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Se ten adoptado varios acordos de potenciación do casco histórico.Se ten que redactar un Plan Director do casco histórico. Tería que haber un criterio único e uns obxectivos.Estamos a favor.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- A favor, nos parece unha moción axeitada. Algúns inmobles son privados e outros públicos. Un dos maiores dinamizadores do casco histórico era a Area de Rehabilitación Integral, foi a Xunta a que a botou abaixo, cando funcionaba ben.

D Xacobe García Soto ( BNG).- O Plan Director é interesante, a Area de Rehabilitación Integral é interesante, pero eiquí as reivindicacións se dirixen ao goberno local.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

**4.- MOCIÓN PP,BNG E RBC SOLICITANDO A MODIFICACIÓN DO PROXECTO PARA O PARQUE DOS XARDINILLOS , CO OBXECTIVO DE APROXIMAR O PROXECTO AO ACORDO PLENARIO DO 22 DE DECEMBRO DE 2016 E DE NOVEMBRO DE 2017 ARREDOR DOS PLANS PROVINCIAIS DE 2017..**

**Exposición de Motivos:**

En relación coa obra proxectada polo Señor Alcalde de Ribadavia relativo ao Plan Provincial de Cooperación 2017 que será destinado á realización dunha única actuación no Parque dos Xardinillos , non contemplada no consenso aprobado polo Pleno de decembro de 2016 , e da mesma maneira reiterado e demandado a través do acordo plenario no mes de novembro de 2017.

Na sesión plenaria de 22 de decembro de 2016 acordouse

1º.- Solicitar a inclusión no Plan Provincial como obra principal a denominada "ACONDICIONAMENTO PARQUE XARDINILLOS, INFRAESTRUCTURAS CULTURAIAS (CASA DE CULTURA E AUDITORIO DO CASTELO) E MELLORA DA BEIRARÚA DE BAIXADA O PIÑEIRAL", obra cun orzamento estimado de 58.000 euros.”

Na sesión plenaria de 30 de novembro de 2017 acordouse:

1. Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno modifique o proxecto de mellora do parque dos Xardinillos para que dito proxecto recolla unicamente as melloras acordadas por consenso e unanimidade no Pleno Municipal de Ribadavia do 22 de decembro de 2016.
2. Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno leve a cabo o Plan Provincial de Cooperación 2017 nos parámetros aprobados por unanimidade e consenso de todos os grupos: "ACONDICIONAMENTO PARQUE XARDINILLOS, INFRAESTRUCTURAS CULTURAIAS (CASA DE CULTURA E AUDITORIO DO CASTELO) E MELLORA DA BEIRARÚA DE BAIXADA O PIÑEIRAL".
3. Que o Concello de Ribadavia leve a cabo un modelo de parques verdes e sustentables a través dun estudo global que evite propostas curtopracistas, comezando pola aposta para os Xardinillos coma un parque con máis arbores, e vexetación e menos cemento. Freando así a dinámica que se comezou no seu día coa realización do mini-auditorio neste parque.
4. Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno regule e coordine a utilización de espazos públicos a través dun uso compartido entre as diferentes

tipoloxías de veciños de maneira compatible e en harmonía dos mesmos.

Por estes motivos solicítase:

Que se paralice o proxecto aprobado na Xunta de Goberno, polo cal se vai proceder a instalar unha minipista polideportiva ( con porterías e canastras) para o parque dos Xardinillos, ubicada na parte inferior do mesmo parque ao lado do muro do cemiterio municipal.

Se modifique o proxecto co acordo da Deputación Provincial e a empresa adjudicataria para reverter o proxecto coa finalidade de aproximalo aos acordos para o Plan Provincial de Cooperación 2017 recollidos na acta do Pleno Municipal de decembro de 2016 no seu punto 5º.

Se inclúa no proxecto de acordo coa Deputación e a empresa adjudicataria as seguintes cuestións, cando menos:

A non instalación desta pista multideportiva.

Construcción de baños públicos no parque.

Arranxo do areeiro, mantendo o mesmo tamaño.

Reposición de árbores secas e plantación de novas, co obxectivo de aumentar a masa arborea.

Os grupos municipais en representación de 7 concelleiros e concelleiras , que supón a maioría absoluta do Pleno municipal, demandan que estas peticións sexan tidas en conta por parte do Sr Alcalde – presidente do concello de Ribadavia.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a prol RBC,BNG e PP, se reservan para o pleno , PSOE e,CXG , fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Intentarei ser breve, en decembro de 2016 no pleno acordouse unha solicitude para o Plan Provincial de forma unánime, se fixaban as actuacións , os veciños pedían un baño público nos Xardinillos, arranxo de aceras, arranxo da Casa da Cultura e dos camerinos do auditorio do Castelo. Esas



infraestruturas culturais están en mal estado, Ribadavia é a capital do teatro. Arranxar as beirarrúas da rúa Piñeira, ese foi o acordo do pleno.

Ao longo do ano, a Xunta de Goberno Local, de forma unilateral, fai a solicitude para o Plan Provincial, todo para Os Xardinillos.

Os concelleiros da oposición non entendemos o pase do acordado no pleno ao solicitado pola Xunta de Goberno Local, vai en contra da vontade popular e dos concelleiros que representamos á cidadanía.

En novembro se trajó a pleno un novo acordo, recollendo a demanda de moitos veciños, pedindo que no parque se respectara o areeiro e se fixera un baño público. O proxecto actual, por moi legal que sexa, é un engano á cidadanía e os seus representantes que acordaron outro proxecto, é insultar a este pleno, que toma acordos que non cumpren a Xunta de goberno local e o alcalde. Hai unha reivindicación veciñal, os recursos municipais son da veciñanza, non son dos concelleiros. Hai unha plataforma veciñal que pide outro modelo, que haxa unha interlocución. Este parque non é o mellor sitio para unha mini pista deportiva con porterías e canastras. Hai que sentarse a falar coa empresa e coa Deputación para ubicar a mini pista en outro lugar, na propia Alameda ou no centro educativo da Alameda, a Administración ten ferramentas, non vale a excusa de que se fará con recursos propios outro ano. O mini auditorio non o usa ninguén. Patrimonio da Xunta advirte de que, en vez dun proxecto global, se fan cortas e pegas. O modelo de parque dos Xardinillos debe ser outro, os representantes públicos estamos obrigados a chegar a acordos.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Neste tema o de xuntarnos e chegar a acordos foi o primeiro que fixemos. O BNG falaba dun programa de obras a catro anos. O goberno non cumpre os acordos, non se poden gastar 50.000 euros nunha soa actuación. A Casa da Cultura non está ben, o amosou a climatoloxía. Se trouxo a pleno para vender que se chegaba a consenso e logo se cambiou de forma unilateral. Mesmo a Patrimonio lle sorprende que se faga unha pista deportiva. Logo se dice que o Pleno a aprobou entre todos. Os veciños dicen que esa infraestrutura non lles gusta, se recolleron setecentas firmas en contra. Hai que chamar ao goberno a que recapacite.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Hai que pedir respecto ao acordo sobre a finalidade dunha actuación, somos responsables públicos no momento en que se adopta un acordo unánime, non é razoable que se violente de forma unilateral, acordo que refrendaba un acordo previo na Xunta de Portavoces. Se antepoñen os intereses dunha parte sobre o resto, nin sequera sabemos si ese proxecto responde a unha demanda da cidadanía.

Queremos que quede claro que nos estamos a favor dun acordo unánime, e en contra dun acto unilateral. Defendemos a modificación do proxecto e a volta ao consenso orixinario, que o goberno volte ao consenso.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- Proxecto só existe un, non hai modificacións. A única problemática é a non realización da pista multideportiva, o rechazo dos demais grupos é a construción da pista deportiva. Quizás fai un mes se podía facer unha modificación, agora que o diga o secretario. Sobre este tema se trouxo unha moción que case non se debateu en novembro, nos quedamos a espera da moción de censura. Non sei se legalmente se podería facer, a obra está adxudicada. Non sei se se poden acoller estas propostas. O que se quere facer é buscando a satisfacción dos veciños. Se poderían poñer outras cousas, non sei se a moción ten lugar ou non.



Secretario.- O contrato non se pode modificar. É un contrato xa adxudicado, un contrato menor co cal non houbo pregos nen anuncio de licitación e hai que estar ao artigo 107 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

As modificacións non previstas nos pregos e no anuncio de licitación só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia de algunha das seguintes circunstancias:

- a) Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- b) Inadecuación do proxecto e das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen su falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con anterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requerida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- c) Forza maior ou caso fortuito que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- d) Conveniencia de incorporar a prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se teña producido con posterioridade á adxudicación do contrato.
- e) Necesidade de adxudicar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

Non concorre ningunha das circunstancias, co cal o contrato non pode modificarse.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Eu xa tiña falado co secretario, agradezo o seu asesoramento, pero teño consultado a cuestión con outros secretarios que me din que si é posible. A xustificación para modificar un contrato é moi flexible. Entendemos que si hai mecanismos para modificar o proxecto con acordo coa empresa e coa Deputación, se non hai acordo, non se pode cambiar. O señor voceiro do PSOE dixo que non houbo modificación do proxecto, si houbo modificación do proxecto que se ía a solicitar, eu non falo do proxecto redactado pola Deputación. Falar da moción de censura neste tema é misturar allos con bugallos, o goberno nunca tivo intención de chegar a acordos sobre o proxecto. O goberno está en minoría e violentou o acordo do resto do pleno, que ten toda a lexitimidade. A proposta de moción de censura de RBC non chegou a bon porto. O contrato é modificable ao ritmo da obra, sempre se fixo. Se hai vontade de modificar o proxecto se fai, nos queríamos facer outras cousas co diñeiro dos Plans Provinciais. Buscan unha excusa, como no tema dos festivos onde se chegou a decir que a culpa era da oposición por absterse. Se o goberno ten vontade de modificar a pista deportiva se fai, non se excuse na oposición para que non se modifique. Este goberno é ilexítimo, Ribadavia non o soporta nin un minuto máis.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Escudarse na moción de censura neste tema me parece simpático, cando o BNG manifestou no propio pleno que non venía a tratar ese

tema.

Hai que ter sentidiño ao planificar as infraestruturas, o problema non é a pista deportiva, o problema é poñela nos Xardinillos. Só hai un proxecto pero non é o que se acordou. Non me gusta que me chamen parvo todos os días. Si tal mandamos un burofax para mostrar desacordo co proxecto. O goberno sabe que a oposición está en contra dende o momento en que o anunciou. O acordo era de decembro de 2016, non fai falta outra reunión porque xa se sabía o que quería a oposición.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Está todo dito, facer dous precisións. Se quere reducir a unha cuestión terminolóxica o do proxecto, había un acordo de todos, se lle deu traslado á Deputación dunha idea para o proxecto que non reflicte a verdade. En dereito hai moitas cuestións opinables, se pode buscar unha solución se se quere. Respecto a cuestión legal o artigo 203 da Lei de Contratos do Sector Público, na súa redacción de 2017, fala de que se pode resolver un contrato e proceder a unha nova adjudicación. Se se quere cambiar o proxecto, se pode.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- A moción vai ser aprobada. O Dereito non son matemáticas exactas, se hai outras fórmulas as descoñezo. O contrato xa está adjudicado e o marxe de manobra é pequeno.

Alcalde.- Non é cuestión de lexitimidade, é de legalidade. O secretario dice que habería que indemnizar ao contratista. Se fai un ano que o proxecto non lles gusta, tiveron mecanismos para actuar.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este proxecto non ten un ano.

Alcalde.- Tiñan mecanismos para consultar o proxecto na Deputación, se pretendía un proxecto máis ambicioso buscando cofinanciación.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Eiquí se falou dos baños, non de pista multideportiva.

Alcalde.- Terei dereito a explicarme, había mecanismos para consultar o proxecto, dos proxectos de campo de herba artificial estaba enterada a oposición antes que o goberno.

Fai un mes se debatía unha moción sobre os Xardinillos e se plantexou unha moción de censura, se podía ter discutido esta parte.

Pregunto ao secretario se co contrato adjudicado levar a pista a outra parte podería ser unha prevaricación.

Secretario.- Levando a esos extremos a modificación sí.

Alcalde.- Se non fose por este alcalde non se faría o parque de Francelos. O que dixo Patrimonio da actuación é que debía ser integral. Falase dun coste de 58.000 euros cando non é certo. Ao informar á xente hai que dicir a verdade, hai firmas ata de Venezuela. A democracia tamén é respectar o que dicen os demais. No tema da Praza de Abastos tamén houbo acordos que non se respectaron. Si se dice que todo é malo é porque falta ano e medio para as eleccións. Toda a lexitimidade non a ten nin os que estamos a favor nin os que están en contra.

Que me veña o PP falando de despilfarro por unha obra menor, que un concello pode adxudicar a dedo, cos cartos que gastan.

As oito horas e vinte minutos abandona o pleno o concelleiro do PP Don Celso Sotelo Barroso formulando reproches ao alcalde.

Alcalde.- Vostedes que romperon a Alameda, cortaron os árbores e agora queren poñer a pista na Alameda.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Eu non defendo poñer a pista na Alameda.

D Miguel García Domínguez (PP).- As obrigas as teñen que cumprir todos os concelleiros. Este concelleiro está o día no cumprimento das obrigas con este concello. Eu nunca atacarei persoalmente ao alcalde.

Alcalde.- O PP dixo que ían morrer nenos no campo de fútbol por culpa do alcalde.

D Miguel García Domínguez (PP).- Vostede utiliza argumentos que non se utilizaron nesta moción por este grupo. O debate é que polos trece concelleiros se acordou facer unha cousa nos Plans Provinciais e logo se fixo outra.

Alcalde.- Veñen eiquí a darselas de demócratas . Celso fixo un espectáculo porque era concelleiro cando se cortaron as árbores.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado , votos a prol PP (4) RBC e BNG, votos en contra PSOE (5), fica aprobada.

## **5.-APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

O ditame da Comisión Informativa é do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Uso das Instalacións Deportivas coa redacción que consta no expediente.

SEGUNDO.- Someter dita modificación do Regulamento Municipal a información pública e audiencia dos interesados , con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello , polo prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións , que serán resoltas pola Corporación,. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE, RBC, BNG , CXG, se reserva para o pleno PP, fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).-A favor, non hai lugar ao debate.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Está consensuado, tamén cos clubs deportivos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE,

RBC e BNG, e abstención PP (4) fica aprobada.

## **6.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- As rexistrarei por escrito ao longo do mes, espero que se contesten.

D Xacobe García Soto (BNG).- Onde a Casa da Cultura hai unha farola que ilumina pouco,necesita dous farolas máis.  
Na rúa Irmáns Alvarez Araújo faltan dous luminarias debaixo do Abrente.  
Se está falando coa Confederación Hidrográfica , para arranxar o cauce do Maquiáns, se se chega a un acordo estaría ben chegar aos Muíños.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Hai dúas averías de Aqualia en Francelos sen reparar.

E sendo as oito horas e trinta e tres minutos erguese a sesión polo señor Alcalde presidente , do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO